



# Perdoar aos que me perseguen: ser homosexual na Igrexa hoxe

Antonio Cosías Gila<sup>1</sup>

San Ignacio di que «*Cuanto más nuestra ánima se halla sola y apartada, se hace más apta para acercarse y llegar a su Criador y Señor; y cuanto más así se allega, más se dispone para recibir gracias y dones de la su divina y suma bondad*». Isto é precisamente o que vou narrar.

## 1.- Descubrirme con angustia (Construír o armario)

Unha pregunta que me fan moitas veces é *cando me dei conta de que era homosexual*. En realidade fun sendo confusamente consciente de que sentía atracción polos do meu mesmo sexo sobre os sete anos, pero entón non tiña nin idea de que existise esa palabra: a palabra *homosexual*. Tampouco lembro o termo *gai*. Para min os mozos que actuaban atraídos por outros mozos, eran simplemente maricas. Ou maricóns, como dicía meu avó cada vez que saía na tele en branco e negro algún personaxe ambiguo da época.

A linguaxe ofensiva que escoitaba ao redor, foi marcando o temor para contar o que sentía en canto á miña afectividade e identidade sexual. Estaba moi confuso, pero era incapaz de pedir axuda. Por suposto dábame medo confesalo na casa, por ese pánico que nunca en moitos anos terminou de despegarse de min: temor ao rexeitamento, a ser apartado, a ser tratado como un enfermo

---

1 Antonio Cosías Gila. Cofundador e Presidente da Comunidade Ichthys de Cristiás e Cristiás LGBT+ H de Sevilla. Licenciado en Maxisterio pola Universidade de Sevilla. Cursos estudos de Catequética no Seminario Diocesano de Sevilla. Foi Coordinador de Pastoral da Xuventude no Centro Pastoral Claret de Sevilla. Actualmente traballa no comercio..

ou un vicioso. Perder o amor da miña familia, o aprecio dos meus amigos ou ser obxecto de insultos, exclusión, desprezo e mesmo medo tamén a recibir agresións físicas por ser gai, tal como puidera ver que lles sucedía a outros rapaces do colexio, do barrio, fillos de amigos da familia, etc.

A miña familia é crente, e fun educado como cristián. A miña fe deses anos construíuse en base a unha educación relixiosa na que calquera persoa coma min estaba predestinada ao inferno. Senón que lograrse apartar a un lado eses sentimentos impuros e desexos pecaminosos, algo que non podía evitar, como non podía deixar de ter os ollos azuis, ou ben me arrepentía de corazón e rogaba a Deus que me axudase a eludir ser así, o cal facía con frecuencia, sendo o fondo recorrente da miña oración ao longo de moitos anos.

Da miña nenez teño recordos de angustia, de vivir en continua alerta e de ir concibindo capacidades para eludir calquera intento de que alguén puidese coñecer o meu interior, o que de verdade era, vivía e sentía; e tamén de temor en canto á miña relación con Deus. Aos poucos ía construíndo un refuxio que despois souben que se chamaba armario. Nel tería que esconder o meu auténtico eu. Alí collería as diferentes caretas que fose necesitando para poder evitar que ninguén soubese que era diferente.

## 2.- Habitar o armario: A dor

Durante a adolescencia tiña fama de introvertido. A pesar de ser sociable, divertido, simpático, ocorrente e un pouco pallaso, xamais falaba de min, nunca contaba o que sentía, ninguén me coñecía de verdade. Afíxenme a resolver os meus propios conflitos eu só e resigneime a vivir ocultando unha parte importante de min mesmo. Se cadra por iso, cando agora conto a miña historia, máis aínda recuperándoa á luz da oración, é coma se me liberase dunha pesada carga, coma se desgarrase a miña propia vida e Deus puxese nome a cada intre.

Deus e eu sempre tivemos unha relación complicada. Segundo percibía como se comportaba a xente coas persoas LGBT (mesmo

xente próxima), non me atrevín a confesar nada. E polo que me ían revelando os meus educadores, resultaba ser un pecador con moi poucas posibilidades de gañar o perdón de Deus. Deixei de incluír calquera dato relativo á miña afectividade ou sexualidade nas confesións, tras unha experiencia desagradable cun sacerdote que terminou chamándome enfermo e convidándome a visitar un psiquiatra. Aínda así, continuaba sendo un mozo máis espiritual ca relixioso, desexoso de que realmente Deus semellase máis ao pai do fillo pródigo ca a ese xuíz que me presentaban e que me acusaba de desviado e pecador. Ese combate acompañoume de cote en toda a miña vida, triste e atafegante na adolescencia, colérico e rabioso a medida que ía facéndome adulto. Así que, canto máis claro tiña que eu non era culpable de ser así nin estaba contaxiado de ningún mal, canto máis evidente me parecía iso, máis me afastaba de Deus. Máis pecaba contra Deus.

Por moito que copiase os comportamentos dos meus amigos coas mozas, foi só iso: unha imitación por supervivencia. Aos quince anos, o meu maior problema era que me sentía homosexual e non só non era capaz de comunicalo, senón que tiña que resolver un serio conflito entre fe e vida. Aos dezaseis anos, a presión era tan grande que pensei que o mellor sería terminar con todo. Non me foi difícil conseguir unhas pastillas e adormecín. Pechei os ollos con ganas de non espertar. Non pasou dun susto inmenso para miña nai, e un desgusto para meu pai, pero arranxárono para que ninguén soubese a verdade e todo parecese unha intoxicación. Un día de hospital, lavado de estómago e varias sesións de psicólogo, ante o que tampouco fun capaz de contar a verdade e que terminou diagnosticando unha crise de adolescencia agravada pola miña introspección. Pero nada transcendeu. Sumouse á lista de segredos da miña vida, este compartido cos meus pais. Moitos anos despois souben que miña nai atopou unha nota que deixei sobre a mesa aquela tarde, da que nin me acordaba, e sobre a que nunca me fixo mención.

Aquilo non serviu para axudarme a dar o paso de sincerarme, pero espertou en min a necesidade de auto-aceptarme definitiva-

mente. Ao mesmo tempo ratificou a decisión de seguir escondido, a salvo de calquera dano. O armario fíxose sofisticado, e a miña dobre vida, algo habitual.

Poucos días despois de cumprir dezaioito anos, coñecín un mozo da miña mesma idade, con pouco máis ou menos iguais dúbidas e os mesmos medos ca min. Tamén estaba dentro do armario. Tamén estaba aterrado ante a posibilidade de que seus pais, a súa familia ou os seus amigos se decatasen. Tamén estaba a se debater entre deixar de crer ou crer confiadamente.

O meu amigo proviña dunha educación relixiosa moi tradicional. E agora que estaba a ser capaz de enfrontarse á realidade de quen era, aceptándose e aprendendo a respectarse, atopábase co paradoxo dun Deus que lle esixía o seu propio sacrificio. En certa forma ese sentimento contraditorio experimentáboo eu igualmente, aínda que non de forma tan áspera. De calquera modo, xa era suficientemente doloroso manter toda esa parte da vida ás agachadas como para ademais pelexar coas dúbidas de fe que, a esa idade, convertíanse en silenciosas batallas encarnizadas. E na metade desa guerra, como nas anteriores e nas posteriores, estabamos o meu amigo e mais eu, como tantos homosexuais cristiáns, mendigando razóns para seguirmos crendo. Fomos xuntos á misa e leuse o evanxeo de Marcos 12:

Naquel tempo, un dos letrados achegouse a Xesús e preguntoulle: Cal é o primeiro de todos os mandamentos? Xesús contestoulle: O primeiro é: Escoita, Israel: O Señor, o noso Deus, é o único Señor, e amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente e con todas as túas forzas. O segundo é: Amarás o teu próximo como a ti mesmo. Non existe outro mandamento maior que estes.

O texto de Marcos fala do amor a Deus. Para un homosexual amar a Deus non é fácil ata que non se asume que Deus é o primeiro en tomar a iniciativa. E esa certeza a min custoume moito tempo interiorizala. Paréceme que crer con convicción que Deus me ama apaixonadamente foi o meu primeiro acto de fe consciente.

Desde ese momento fun capaz de namorarme de Deus. Antes diso era imposible. Antes diso botaba sobre el todos os prexuízos que educación e relixión se ocuparan de meter na miña cabeza e no meu corazón. Non podía aceptar un Deus que me creara imperfecto, pecador, sucio e, consecuentemente, infeliz. E iso mesmo bloqueaba calquera posibilidade de autoaceptarme, porque non era quen de me valorar como persoa.

Xesús tamén di no evanxeo de Marcos: *Amarás o teu próximo como a ti mesmo*; pero, se o meu amigo, eu mesmo ou calquera persoa LGBT eramos parte do próximo abstracto, había algo que non funcionaba. Eramos testemuñas de como persoas exemplarmente crentes, significativamente amorosas con Deus, mesmo piadosas, eran incapaces de aceptar preto delas próximos diferentes, en razón da súa identidade sexual ou de xénero, ou mesmo da súa cor de pel. Esa contradición facía moi complicado sentírmonos parte dunha comedia de enredos onde nada é o que parece e, á vez, impedíanos poder saír do armario, no que certamente aínda estivemos moito tempo máis.

Amar a Deus e amar o próximo é o mesmo. Amar a Deus sen amar o próximo como a un mesmo non é posible. O meu amigo e mais eu pelexamos nestas dúbidas ao longo dos anos. Poida que iso forxase tanto a nosa amizade, compartindo dobres vidas, armarios e receos. Séndomos algo máis vellos, comentabamos ás veces que nin sequera quen máis nos coñecese podería sospeitar canta amizade había baixo o que ninguén vía. «Como un iceberg –dicía el– así é o noso, case todo invisible menos para Deus que nos observa».

O meu amigo morreu de sida en 1990. Eses anos, desde facía varios, falecían moitos mentres outros se afastaban escandalosamente do amor ao próximo proclamando que o VIH era un castigo de Deus contra os homosexuais. El morreu sen os seus pais, que tampouco o aceptaron como un próximo a quen amar coma a si mesmos. «Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente, con todo o teu ser, e amarás o teu próximo como a ti mesmo». Pero non houbo corazón, nin alma, nin mente, nin próximo a quen amar, nin estaba Deus.

É inevitable chorar lembrándoo, agora que esta oración á luz do Evanxeo me remexeu tanto. Sei que Deus fala dando sentido a cada minuto da miña vida. Sei que tanta dor amoreada só pode converterse en esperanza. Sei que non hai Deus sen próximo, non hai irmás nin irmáns sen Deus. Non hai mal por mal. Hai amor. Con todo o meu corazón, con toda a miña alma, con toda a miña mente, con todo o meu ser, amar a Deus, e o próximo como a min mesmo.

No armario non te podes expresar con liberdade. Un dos significados da palabra liberdade é confianza e franqueza. No armario non podes falar confiadamente. No armario non podes significarte con franqueza. Porque sempre temes que alguén poida facerche dano, facerte oco, facerte po. Facerte un cero á esquerda.

No armario era incapaz de manifestarme con liberdade. Coa liberdade máis básica, que é a que me permitiría contar quen era e que era, que sentía, que amaba, que esperaba, que soñaba. Esa liberdade que a un lado e outro da miña familia, do meu pupitre, dos meus amigos, da miña contorna, do día a día desde que fun consciente da miña homosexualidade, vía como gozaban as demais persoas mentres eu era incapaz de mover os beizos e contar, dicir, relatar, narrar e gritar ata que a miña gorxa se puxese roiba e a miña voz crebase.

Non hai moito tempo, alguén especulaba sobre o carácter reflexivo e ás veces introvertido de moitas persoas LGBT. E probablemente sexa esta a razón. Especialmente nas persoas crentes como era o meu caso. Para min non só os obstáculos sociais eran terribles, senón que ademais a iso engadíanse a culpabilidade relixiosa, o sentimento de pecado e a ameaza de condenación. O catecismo aínda afirma que as persoas LGBT mantemos un comportamento intrinsecamente desordenado. Entón busquei no dicionario o que é algo intrínseco, e trátase do que é interno, propio, característico, esencial, connatural, peculiar, privativo, íntimo, exclusivo, básico.

Así que... facíanme pensar que ser homosexual era algo (todo o anterior) desordenado, e por iso tiña medo a falar e tamén por iso gardei silencio.

Sei que, se estivese alerta ante os signos que Deus ía poñendo na miña vida, se o escoitase no canto de seguir lamentándome detrás da porta do armario, podería falar antes.

Os armarios constrúenos os medos: medo á crueldade e á impiedade dos homes e tamén ao Deus do Antigo Testamento. Medo a seres de carne e óso que poderían facerlles a vida imposible a aqueles que non se axustan aos estereotipos marcados. Medo ao Deus que subscribe que o comportamento das persoas LGBT é naturalmente desordenado. O medo á súa vez procrea mudos que perpetúan vidas escondidas onde terán que ocultar as súas verdades, desde onde non serán capaces de gritar quen son ata que o Salvador os acaricie e lles berre «*effetá!*, ábrete!».

Boa parte do final da miña-vida-dentro-do-armario fun catequista. E nesta etapa non me sentín nunca realmente feliz no pleno sentido da palabra. Certamente, a miña experiencia foi por unha banda gratificante –pois aprendín moito e recibín aínda máis–; por outra, respectable e respectuosa –nunca me aparteí do doutrinal, moi ao meu pesar– e, finalmente, levoume a enfrontarme á verdade e a decidir poñerme ante Deus coas cartas boca arriba, polo que dalgunha forma tamén tivo un lado instrumental, foi o martelo que petou no cravo e fíxome sentir a dor e notar o sangue, ou a mecha que prendeu o explosivo; unha ferramenta que se fixo na fragua lentamente ata poder ser eficaz. Un dicirme «que fago eu aquí?» para despois buscar a saída.

O meu período de catequista de mozos non me axudou a ver nos Evanxeos unha mensaxe acolledora; só observaba na Palabra ameazas do tipo «se non deixas de ser así...». E evidentemente eu non podía deixar de ser como era. De aí a miña tristeza, a miña infelicidade nese tempo de animador pastoral, por moito que disimulase todo tipo de sentimentos utilizando as caretas que con eficacia aprendera a usar desde pequeno, para aparentar a «normalidade» dun mozo heterosexual. O que anunciaba a esas mozas, a eses mozos non era a alegría do Evanxeo. E aquí quero pedir perdón por non ter sido forte a tempo, en especial por non ser tan valente como para ofrecer unha palabra de esperanza ás mozas e mozos

LGBT que pasaron xunto a min mentres miraba para outro lado a fin de non poñerme en evidencia.

Dentro do armario causábame moita tristeza ser consciente de que estaba a mentir a todo o mundo. Ninguén sabía absolutamente nada de min, e vivía segundo os comportamentos sociais de calquera heterosexual. Mesmo cheguei a ter dúas noivas, a última unha moza marabillosa cando tiña 25. Con ningunha delas fun sincero, coma co resto de persoas que se relacionaban comigo en calquera ámbito. Tiña plenamente asumida a miña identidade sexual e afectiva –outra cousa é que ademais estivese asustado–, así como intuía que non podía facer nada por cambiar iso, da mesma maneira que os meus ollos seguirían sendo azuis, aínda que os escondese baixo unhas lentes de contacto negras. Aínda así continuaba aparentando o que non era.

Fun catequista moitos anos e bastantes deles asumindo responsabilidades na Pastoral Xuvenil.

Un ano antes de saír do armario, estaba nunha das reunións cos mozos sendo catequista. Xusto utilizara un texto de Lucas do bautismo para ilustrar a charla e orientar a dinámica, para que así entendesen o que significaba o sacramento.

–Eu bautízovos con auga; pero vén o que pode máis ca min, e non merezo desatalle a correa das súas sandalias. El bautizaravos con Espírito Santo e lume.

Nun bautismo xeral, Xesús tamén se bautizou. E, mentres oraba, abriuse o ceo, baixou o Espírito Santo sobre el en forma de pomba, e veu unha voz do ceo: «Ti es o meu Fillo, o amado, en quen me comprazo».

Faleilles de nacer de novo, deixando atrás na auga todo o que nos mancha, permitindo que o lume do Espírito reescribise as nosas vidas. Mentres explicaba todo iso ás mozas e mozos que me escoitaban, sentía un baleiro inmenso porque non vivía –nin sequera cría– nada do que lles contaba. De súpeto era plenamente consciente de que todo o que estaba a lles ofrecer como persoa,



era unha fraude. Había moito tempo que nin a auga bastaba para purificarme, nin moito menos sentía a calor do Espírito entibiar a miña dobre vida. Cando terminou a reunión, busquei o Responsable do meu Equipo de catequistas e díxenlle que non volvería máis.

Polo que puideren compartir con outras persoas LGBT crentes, é bastante común esta sensación de parecer unha estafa –en especial entre os que desempeñamos en momentos algunha tarefa pastoral. Non en balde, no noso segredo interior mantivemos unha encarnizada loita entre quen se supón que deberíamos ser –e así o interpretabamos na nosa tráxico-cómica vida– e o que realmente eramos –a quen pretendíamos enganar?– porque era inevitable autoaceptar a nosa identidade sexual ou pola contra arrincala de raíz e resignármonos a ser o que a sociedade de ben e a relixión esperaban de nós, enterrando o noso eu real para perpetuar unha vida de mentira.

Lembro os días en que me afastei do Xordán e as correntes de Enón. Ese momento supuxo un tempo de dor e soidade, de ruptura e deserto, pero tamén un punto máis no que tomei decisións e desde o que me puxen en procura ata colocarme a tiro de Deus mesmo.

### 3.- O deserto

Durante case tres anos deixei todo atrás. Abandonara a miña comunidade de fe, o meu labor pastoral como catequista, os sacramentos, e apenas me quedaba a inercia da oración, que cada vez era máis breve e superficial.

Conservaba unha tenue fe pero estaba cansado de esperar a voz de Deus.

A parábola do fillo pródigo ten moito significado para min por moitos motivos, pero fundamentalmente porque, coma o fillo máis novo, presenteime ante o Pai e pedinlle a miña parte da herdanza.

Cando comecei a facerme visible, unha das persoas da miña vida coas que falei, foi un dos meus mellores amigos, con quen sigo mantendo lazos fraternais. Por tantos anos como levaba anhelando ser capaz de sincerarme con el, e o emocionado e nervioso que

estaba, a duras penas puiden contarlle todo o que debía. A medida que lle ía narrando, os seus ollos foron enchéndose de bágoas e tamén os meus. Cando quedei calado, el só dixo: «Podo abrazarte?». Enseguida nos unimos na aperta máis intensa de cantas lembro. Apertábame contra el sen querer soltarme e dábame as grazas mentres non deixabamos de chorar.

Ao día seguinte chamoume para convidarme a cear. Dixo que tiñamos que celebrar a miña volta á casa. Presentouse cun agasallo. Era un libro que quería que lese e conservase. Tratábase d' *O regreso do fillo pródigo*, escrito por Henri J. M. Nouwen. Estaba dedicado. Decía: «Grazas, irmán máis novo, por volveres á casa e facéresme ver que tamén o irmán máis vello ten que regresar ao Pai».

Díxome: «Ao escoitarte entendín perfectamente o que conta o autor deste libro. Moitas veces son coma o fillo máis vello. Perdóame se nalgún momento o fun contigo. Le este libro e comprenderasme».

Moitas persoas LGBTI cristiás coincidimos na experiencia dolorosa e complicada, ás veces demasiado longa, da dobre vida no armario. Experiencia que en bastantes ocasións desemboca nunha crise de fe da que hainos que non volven. As mulleres e homes que dunha ou outra forma regresamos, certamente –desde un primeiro momento– sentímonos moi identificados coa parábola do fillo pródigo. Moitas veces fago referencia a este relato cando falo de como recuperei a necesidade de Deus na miña vida e, sobre todo, de como sentín a misericordia do Pai acolléndome sen preguntas, sen xuízos, cun banquete. Pero sempre me coloco no lugar do fillo máis novo, a perspectiva máis lóxica, por outra banda.

A lectura d' *O regreso do fillo pródigo* de Henri J. M. Nouwen abriu o meu corazón a outras moitas maneiras de recoñecerme na parábola. Supoño que lería unha decena de veces este libro. En cada ocasión aprendo algo novo. O Mestre, a través da sincera reflexión de Nouwen, fállame actualizando o relato, poñéndoo en paralelo á miña vida. Así que, estou seguro, tamén esta vez Xesús sorprendírame ao facer oración coa breve pero potente historia do fillo que se foi da casa.

Conta Xesús que o fillo máis novo pediu ao pai a súa parte da herdanza para despois marchar. Non deixa claras as razóns, pero é fácil supoñer que desexaba independencia, liberarse das normas paternas e das responsabilidades. Tamén quería coñecer mundo e gozar dos praceres da vida.

Pregúntome que motivacións tiven eu para irme da casa do Pai. É verdade que nunca cheguei a perder do todo a fe, é dicir, a certeza de que Deus estaba –en pasado– e está –en presente– (como o fillo máis novo nunca esqueceu o seu pai), pero poño en cuestión que razóns fixeron que eu deixase a miña comunidade de fe, a miña tarefa pastoral, os sacramentos e todo.

Teño o sentimento de que me fun porque non era ben aceptado. En realidade estaba dentro do armario e ninguén sabía que era homosexual, polo que non tiña ningunha experiencia de rexeitamento directa. Pero na casa do meu Pai, na Igrexa, era obxectivamente certo que as persoas LGBTI non eramos ben recibidas. Con Francisco sopra unha leve brisa refrescante, pero a finais dos noventa e principios do actual século a brisa era unha tormenta. Lera suficientes declaracións pastorais de condena, escoitado demasiadas homilías ferintes, soportado excesivos comentarios descarnados como para entender que ser abertamente homosexual na Igrexa non era posible. A miña condición de axente pastoral e a tensión de ter que ser fiel á doutrina non axudaba demasiado, senón que minaba o meu sentimento de incoherencia. E, ademais, o medo de ser sinalado, ser comentado, ser inventado.

En definitiva, do mesmo xeito que o fillo máis novo, eu non me fun porque me botase o Pai. Ao fillo máis novo apurábano as ganas de riqueza, pero tamén de ser libre, de ver mundo, de non ter que dar contas a ninguén. Eu marchei porque me sentía afogado, non acollido, non querido, humillado. Funme porque ataran sobre os meus ombreiros cargas pesadas imposibles de soportar (Mt 23, 4). Funme porque me doía pertencer a unha Igrexa que puña condicións (CIC 2357-2359). E así, pedín a parte da miña herdanza e marchei.

E que herdanza levei? Ao irme «emigrei a un país afastado» no que me ofreceron todo aquilo que xamais me atrevín a buscar. O «ambiente» era ese gran paraíso prohibido onde atopei amor e luxuria, pero tamén o lugar onde me fixen consciente do que era, de quen era. Coñecín outros mozos homosexuais con quen podía falar confiadamente e sen temor. Iso era algo novo para min. Nunca antes tratara con ninguén deste tema se non foi no ámbito dun confesionario e a súa consecuente charla de condena e perdón condicionado.

Comecei a quererme, a apreciarme, a valorarme. Fíxenme forte. Entón por sorpresa recoñecín a miña parte da herdanza.

Recordo dese tempo afastado unha sensación de desconsolo que nunca me abandonou. Nese pesar estaba a ausencia de Deus. No país afastado onde agora me desenvolvía, atopei moitos valores, pero sentíame moi baleiro ao mesmo tempo. O fillo máis novo gastou a herdanza e non tiña como vivir. Cando foi tratado peor ca os porcos, botou de menos o seu pai e decidiu regresar á casa. Pero a miña parte da herdanza estaba intacta. Eu botei de menos o Pai cando ao recoñecer os meus propios valores descubrín a man de Deus. Literalmente necesitaba atoparme co Pai, pelexar con El cara a cara e deixarme gañar. Púxenme en camiño de regreso. É aquí cando atravesei un deserto. Cando estaba preto, de lonxe o meu Pai ao verme conmoveuse, comezou a correr e botouse ao pescozo cubríndome de bicos. Eu díxenlle: «Pai, pequei contra o ceo e contra tí; xa non merezo chamarme fillo teu». Pero o Pai celebrou un banquete pola miña volta.

Ás veces esquecemos que Xesús dirixiu esta parábola aos fariseos e letrados que murmuraban contra el. Algunhas interpretacións deste texto identifican no fillo máis vello estas persoas que cómpren á machada as normas, que son fieis e puntillosas coa lei e a doutrina, pero insensibles ante os sufrimentos dos outros. É verdade que moitas das persoas que regresamos, temos experiencias dos nosos particulares irmáns máis vellos recriminando ao Pai o exceso de alegría. Ao chegar á casa, deime conta de que non cambiara nada (a Igrexa era a mesma, o meu irmán máis vello seguía desconfiando

de min, sinalábame, pedía xustiza), nada cambiara non sendo eu. O meu sentimento de ser fillo querido do Pai era tan forte, que estaba seguro de que nada nin ninguén podería separarme do seu amor. Perdera o medo. Gañara o valor. Pero non terminara.

Fíxenme fillo máis vello cando non fun capaz de controlar o victimismo e dominoume o resentimento. A actitude do fillo máis vello é a de engrandecer os fallos do outro e reflectir sobre o próximo o rancor acumulado. Recoñezo que tamén fun o irmán máis vello da parábola durante un tempo, e necesitei que o Pai saíse a buscarme para convencerme de que entrase á festa e deixase a furia lonxe. No texto de Lucas queda aberto o relato e cada un imaxina o final como quere. Entraría na casa o fillo maior a celebrar a volta de seu irmán? No meu caso, o tempo fixo posible apartar a dor e perdoar. Deime conta que non hai lugar ao resentimento cando se loitou tanto por conservar a fe e recuperar a proximidade do Pai. Setenta veces sete se fai falta, ou mesmo máis.

O meu amigo é un gran crente, pero era moi homófobo. A miña historia conmoveuno e viuse interpelado. De súpeto era o fillo máis vello que sinala co dedo e a quen o Pai anima a entrar na casa para celebrar o regreso do irmán máis novo, de quen ademais se acababa de decatar que é homosexual. O meu amigo tívoo claro: entrou á festa. E comprendín o sentido do seu agasallo.

O Pai díxome: «Celebremos un banquete, porque este fillo meu estaba morto e reviviu; estaba perdido e atopámolo».

#### **4.- Ser eu mesmo: Saír do armario**

Canseime de revivir en falso. Un verán, desesperado e case convencido de que Deus non me amaba, púxenme a tiro en Loja, unha vila de Granada, no medio dun ruidoso silencio e atormentado porque a fe se me ía das mans. Atrevínme a recriminar a Deus por canto me facía sufrir ser como me creara, e pasei seis días desafiándoo a que me dese razóns para seguir con El e non abandonalo definitivamente. Unha das últimas noites nunha celebración á que asistín mecanicamente, comezaron a entoar o Canto de Oseas:

Coñezo a túa conduta e o teu constante esforzo, sufriches pola miña causa sen sucumbires ao cansazo, pero teño contra ti que deixaches arrefriar o teu primeiro amor. Por iso eu vouna seducir, levareina ao deserto e alí falarei ao seu corazón e ela responderame coma nos días da súa mocidade.

Algo se moveu en min, coma se esta última morte que se ía fraguando, se paralizase e Deus estivese a me dar suaves sopapos para espelirme. No intre comezaron a cantar o canon «Nada nos separará do amor de Deus», e rompín a chorar coa certeza de que o Pai me recuperara para sempre. De súpeto todo cobrara sentido nesas dúas faíscas que seguro a ninguén máis alí lle significaban pouco menos que un par de cantos nunha celebración. Nese instante moveuse a pedra, entrou a luz e resucitei para sempre.

Resucitei á certeza de que son unha persoa única e irremplazable. Resucitei a esperar do outro unha acollida sincera. Resucitei á felicidade de ser eu mesmo sen medo a mostrarme tal como son. Resucitei a loitar por unha sociedade aberta, sincera, valente. Resucitei a unha Igrexa de fe e non de tradición. Resucitei a confiar en Deus cegamente. Nacín a anunciar ás miñas irmás e irmáns LGBT que Deus nos ama con todo o que somos, sen desprezar nin un só dos nosos cabelos, acariñando cada unha das nosas feridas. Xesús resucita en nós, vive en nós.

## 5.- escoitar a voz de Deus: O compromiso

Ao pouco de saír do armario tiven a graza de comezar a camiñar xunto a outros cristiáns homosexuais. Iso permitíume compartir vida á luz de Deus e celebrar a fe afastando medos e prexuízos. Cando naceu *Ichthys*, tamén o fixo a nosa consciencia persoal e común de nos sentirmos membros dunha Igrexa que non nos aceptaba pero á que non estabamos dispostos a renunciar. Paralelamente fomos decatándonos da nosa misión na Igrexa, algo que era inimaxinable antes de que nos convencésemos e asumísemos que a nosa identidade sexual e afectiva era un agasallo de Deus. Desafortunadamente a nosa tarefa sería levar a luz do Evanxeo a outras per-

soas LGBTI que aínda non recibiran a Boa Noticia de que o Pai non exclúe a ninguén do Reino por mor da súa identidade sexual. Tamén, recuperar a todas as persoas afastadas como consecuencia dos actos de inmisericordia que realizaran membros da Igrexa ao longo do tempo.

Cando empezamos a manifestar a nosa opinión e a denunciar o que como grupo cristián nos parecía inxusto, tamén se iniciaron as reaccións en contra nosa. Alí onde estabamos acollidos, orixináronse movementos para botarnos do lugar. Tentouse suspender unha oración convocada por un mundo sen homofobia e de súpeto vímonos a soas sen máis apoio ca o dalgúns a título persoal, pero non da nosa Igrexa de referencia. As acusacións e inxurias provocaron que se nos prohibise celebrar a eucaristía como grupo. Tempo despois, e tamén grazas a informacións e inculpacións mal intencionadas, obrigóusenos a suspender outra oración contra a homofobia que íamos celebrar nun templo da cidade. Tivemos que trasladarnos a un taller de circo e celebrar a oración protexidos pola policía, pois un grupo ultra ameazounos con darnos unha malleira «*por maricones y bolleras*». E aínda máis tarde, de novo denunciados maliciosamente, obrigáronnos a anular un encontro de oración e concerto co grupo musical Ain Karen, que íamos celebrar nunha igrexa de Sevilla. Hai máis sucesos e tanto neles coma nos que describín, a única razón pola que se nos persegue é porque somos un grupo LGBTI que ademais é cristián, católico, e para algúns sectores da Igrexa resultamos incómodos, cando non meras representacións de todos os males.

## 6.- O perdón: Superar o resentimento

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: «Aos que me escoltades dígovos: Amade os vossos inimigos, facede o ben aos que vos odian, bendicide os que vos maldín, orade polos que vos inxurian. Ao que che pegue nunha fazula, preséntalle a outra; ao que che quite a capa, déixalle tamén a túnica. A quen che pide, dálle; ao que leve o teu, non llo reclames. Tratade os demais como queredes que eles vos traten. Pois, se amades só os que vos aman, que

mérito tedes? Tamén os pecadores aman aos que os aman. E se facedes ben só aos que vos fan ben, que mérito tedes? Tamén os pecadores o fan. E se prestades só cando esperades cobrar, que mérito tedes? Tamén os pecadores prestan a outros pecadores, con intención de llo cobraren. Non! Amade os vossos inimigos, facede o ben e prestade sen esperar nada; teredes un gran premio e seredes fillos do Altísimo, que é bo cos malvados e desagradecidos. Sede compasivos como o voso Pai é compasivo; non xulgedes, e non seredes xulgados; non condenedes, e non seredes condenados; perdoade, e seredes perdoados; dade, e darásevos: verteranvos unha medida xenerosa, colmada, apertada, rebordante. A medida que usedes, usarana convosco». (Lc 6, 27-38)

Estas palabras de Xesús no evanxeo de Lucas son para min das máis belas e radicais de todas as que poidamos atopar nas Escrituras. Desde esta premisa, recoñezo que é tamén o texto que máis está a axitar, a transformar e conmover o meu corazón ao longo deste último ano. Con esta lectura de Lucas a miña confianza en Deus evolucionou da nada ao todo, desde a desolación ata o fiarme e por iso dar-me, cos meus fallos e os meus dons, pero á fin e ao cabo dar-me sen deixar nada no armario do resentimento.

Lucas recolle a voz firme de Xesús nunhas frases contundentes. Facer as cousas sen esperar nada a cambio non é precisamente a filosofía imperante nas sociedades humanas. E aínda menos amar os inimigos, non xulgar, non condenar, perdoar, orar polos que nos calumnian... Xesús di que así habemos de comportarnos se queremos que Deus teña en conta as nosas vidas.

Cando era adolescente estaba terriblemente confundido e asustado porque empecei a comprender que a miña identidade sexual –inevitabilmente– non se correspondía ao que a xente, as persoas próximas a min, esperaban. Dun lado, era incapaz de expresar o que sentía, atemorizado por como vía que se comportaban coas persoas LGTB, estigmatizándoas sen piedade mesmo en contextos familiares. Por outro, andaba inquieto polas consecuencias de ser un homosexual que sería condenado ao final da miña vida segundo afirmaba a educación relixiosa que recibía.



O primeiro recordo nítido de pararme a pensar nesta pasaxe de Lucas é de cando tiña quince anos. O día dos meu aniversario fun confesarme. Busquei unha igrexa onde non me coñecesen. Normalmente facíao cun sacerdote do colexio que sempre me pareceu unha persoa amigable e próxima, pero a quen nunca me atrevín a contarlle nada sobre a miña identidade sexual. Esa vez sentín a necesidade de falar con alguén e expresarlle as miñas dúbidas, os meus temores e a miña angustia. Ocorréuseme, pois, buscar un cura descoñecido para quen eu fose totalmente anónimo. Con todo, a cambio de confiarme a el recibín unha fera arenga sobre o grave pecado que levaba na miña alma, e as terribles consecuencias que resultarían de perseverar no meu vergoñoso instinto. Creo que esas foron as súas palabras porque se me quedaron gravadas, entre outras igual de dolorosas. Triste e defraudado, senteime nun banco un bo intre, ata que empezou a misa. Quen celebraba era o mesmo que me confesou. Ao chegar ao Evanxeo leu o texto de Lucas 6 sen ser consciente de que cada frase de Xesús que pronunciaba, era totalmente contraria aos argumentos que me dixerá pouco antes no confesionario. Esa persoa, polo menos comigo, non fora capaz de levar á práctica as palabras de Xesús e déralle moita máis importancia á doutrina e á tradición que a un pobre rapaz pedindo auxilio e consolo, no canto de condenarme para despois concederme un perdón mecánico e unha receita para «curar a homosexualidade».

A maioría das persoas LGTBI que se achegan a esta pasaxe de Lucas por primeira vez, facémolo cun profundo sentimento de vítimas porque carrexamos unha longa experiencia de afrontas. Sentimos e mesmo vivimos como inimigos impostos, a quen moi pouca xente ama; maldinnos e calúmniannos; feren as nosas fazulas, quítannos o manto e somos permanentemente xulgados. Esa é a nosa realidade, un presente que vivimos na maior parte dos casos sen nos podermos expresar con total liberdade.

E a dor que sentimos, o medo, a soidade, a tristeza que vive baixo a nosa aparente normalidade de heterosexuais homologados, vai arrequecendo ese sentimento de vítimas, á vez que bloquea

calquera posible suposición de que tamén existe a posibilidade de converternos en suxeitos activos e actuar coa misericordia que, quizais, non recibimos doutros.

A isto me refería cando afirmaba que este texto de Lucas evolucionou en min co tempo, coa experiencia, ata lograr conmoerme e axitar o meu corazón porque de ningún xeito as mulleres e homes LGTBI somos alleos á reacción que suscita cada frase de Xesús.

Máis ben o contrario. As persoas LGTBI cristiás desenvolvemos unha capacidade enorme para comprender e asumir todo tipo de situacións. A experiencia de non nos sentirmos aceptados acrescentou a nosa capacidade de esperar ata que as percepcións persoais cambien e a aceptación sexa unha realidade. Isto é, esperar na esperanza de que cambien os corazóns, dando oportunidade á misericordia de arraigar na alma de todas as mulleres e homes.

Coido que a novidade non está, con todo, en esperar que esta palabra de Xesús se cumpra en nós como suxeitos pasivos. O subversivo e radical é que as persoas LGTBI comecemos a comportarnos coa misericordia que Xesús nos pide. Somos nós quen debemos amar os nosos inimigos e facer o ben a quen nos odia, bendicir os que nos maldín e orar polos que nos calumnian.

Cando nos firan a fazula, ofrecer a outra, e a quen nos quite o manto deámoslle tamén a túnica. Deamos a quen nos pida, e a quen nos quita o noso, non llo reclamemos.

Tratemos os demais como queremos que nos traten. Sexamos misericordiosos coma o noso Pai é misericordioso. Non xulguemos e Deus non nos xulgará. Non condenemos e Deus non nos condenará. Demos e Deus daranos.

Estas actitudes, por outra banda profundamente cristiás, desarmen todo argumento onde subxace a exclusión, a marxinación e calquera actitude homófoba. Cando actuamos así, puidemos desmontar prexuízos e trasladar a un plano anecdótico a tradición e a doutrina que empobreceron a mensaxe auténtica do Evanxeo durante séculos. Conmovemos corazóns.

E en sentido recíproco, percibimos que Deus xa non só nos ama inmensamente como persoas LGTBI, senón tamén porque actuamos conforme á súa vontade, dando amor porque del recibimos amor.

Persoalmente, durante demasiado tempo sentínme bloqueado para darme, porque o rancor, o resentimento e a actitude victimista secuestraron a miña capacidade de perdoar. E sen querer, iso afectaba á miña relación con Deus porque non era fiel á súa Palabra. É moi difícil orar polos que me calumnian, por exemplo. Como homosexual, lamentablemente estou exposto a todos eses riscos: que me odien, que me exclúan, que me calumnien, que me firan, que rouben a miña dignidade, que sexan inmisericordes comigo, ou que me condenen ou sinalen. Todo iso poden facerme por ser diferente. Pero, se eu non reacciono con amor e comprensión, con misericordia aínda sen renunciar á denuncia profética, entón serei coma eles. Porque coa medida con que mida, Deus medírame a min.

**Antonio Cosías Gila**  
**Cristiáns LGBT +H de Sevilla**  
Traduciu Xesús Portas Ferro